

08 Persoal de administración e servizos

Tras un exercicio 2006 especialmente intenso a nivel normativo, o ano 2007 veu culminar esa profunda transformación realizada de cara á consolidación dunha organización do persoal de administración e servizos máis moderna e eficiente, sustentada nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

O desenvolvemento normativo tivo catro grandes actuacións:

- **II Convenio colectivo do PAS laboral.** Asinado a principios de ano, recolle os dereitos e os deberes do persoal laboral, mostrando un claro avance en materia de dereitos sociais. Do mesmo xeito, racionaliza as remuneracións das diferentes categorías e elimina desigualdades, como a inexistencia de complemento de posto en determinadas categorías.
- **Acordo de mobilidade interuniversitaria para o PAS funcionario.** No mes de outubro asinou, coas restantes universidades do sistema universitario de Galicia, un acordo que permite a mobilidade do PAS funcionario entre elas.
- **Recoñecemento dun complemento de antigüidade ao persoal interino.** Con carácter previo a que o fíxese o Estatuto do funcionario público, a UDC negociou e recoñeceu este dereito ao PAS interino que presta os seus servizos na Universidade.
- **Perfeccionamento da Instrución reguladora das comisións de servizos do PAS:** en 2006 regulouse dun xeito transparente e obxectivo o xeito de concesión das comisións de servizo. A aplicación da norma fixo precisas determinadas melloras operativas que se realizaron ao longo de 2007.

Concursos e oposicións

Máis aló da regulación normativa, o exercicio 2007 foi o ano da execución práctica destas normas e da aplicación e normalización dos dereitos básicos recoñecidos nas normas de función pública.

Concursos de traslados

- A principios de ano resolveuse a nova execución do concurso de traslados do ano 2003, que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou contrario ao principio de igualdade constitucional.
- Resolto o anterior concurso, reactivouse un novo concurso xeral de funcionarios, que culminou coas novas tomas de posesión a finais de outubro.
- Convocouse e resolveuse tamén un concurso de traslados para o PAS laboral.
- A nivel de postos singularizados, foron convocados para cobertura e cubríronse en decembro as xefaturas de área informáticas vacantes na RPT da Universidade.

Concurso-oposición

Segundo o calendario pactado e a oferta pública realizada, cubríronse diversas prazas vacantes na RPT, combinando prazas para cobertura por promoción interna con outras de quenda libre, de xeito que se compatibilizou a promoción profesional coa entrada de novos funcionarios. Deste xeito desenvóléronse os seguintes concursos-oposición:

- Grupo facultativo de bibliotecas: promoción interna
- Grupo de axudantes de biblioteca: quenda libre

- Grupo de axudantes de biblioteca: promoción Interna
- Grupo de auxiliares de biblioteca: promoción Interna

Queda pendente, como gran obxectivo para o 2008, a execución das convocatorias e promocións do PAS

laboral, que entrañan a complexidade de subdividirse en 36 categorías diferentes. En función do resultado do proceso de funcionarización, estas convocatorias poderían realizarse xa como persoal funcionario.

Típoloxía do posto	Número	Porcentaxe
Administrador/a	21	5,06
Auxiliar técnico de biblioteca	41	9,88
Bibliotecario/a	36	8,67
Director/a de biblioteca	16	3,86
Letrado/a asesor/a	1	0,24
Posto base	119	28,67
Secretarios/as de cargos	14	3,37
Secretario/a administrativo/a	44	10,60
Secretario/a de decanato/dirección	22	5,30
Secretario/a de instituto universitario	6	1,45
Vicexerente/a	2	0,48
Xefe/a de negociado	57	13,73
Xefe/a de sección	24	5,78
Xefe/a de servizo	12	2,89
TOTAL	415	100,00

Cadro 120 **Postos de RPT de PAS funcionario**

Tipoloxía do posto	Número
Eventuais	2

Cadro 121 Postos de RPT de PAS eventual

Nivel	Número	Porcentaxe
29	1	0,24
28	14	3,37
25	24	5,78
24	37	8,92
20	107	25,78
18	63	15,18
16	169	40,72
TOTAL	415	100,00

Cadro 122 Postos da RPT de PAS funcionario distribuídos por nivel

Grupo	Número	Porcentaxe sobre o total
A	1	0,24
AB	70	16,87
ABC	41	9,88
BCD	71	17,11
C	41	9,88
CD	191	46,02
TOTAL	415	100

Cadro 123 Postos da RPT de PAS funcionario distribuídos por grupo

Grupo	Número	Porcentaxe sobre o total
1	51	17,11
2	26	8,72
3	87	29,19
4A	37	12,42
4B	97	32,55
TOTAL	298	100,00

Cadro 124 Postos da RPT de PAS laboral distribuídos por grupo

Grupo	Funcionarios de carreira	Funcionarios interinos	Persoal eventual
A	16	0	2
B	83	4	-
C	145	14	-
D	51	84	-
TOTAL	295	102	2

Cadro 125 Cadro de PAS funcionario por grupo

Grupo	Laborais fixos	Laborais temporais	Total
1	29	12	41
2	6	22	28
3	29	49	78
4A	34	18	52
4B	56	46	102
TOTAL	154	147	301

Cadro 126 Cadro de PAS laboral por grupo

Grupo	Homes	Mulleres	Total
Cadro de PAS laboral	173	128	301
1	29	12	41
2	14	14	28
3	49	29	78
4A	32	20	52
4B	49	53	102
Cadro de PAS funcionario	89	310	399
A	9	9	18
B	17	70	87
C	39	120	159
D	24	111	135
TOTAL	262	438	700

Cadro 127 **Cadro de PAS por sexo e grupo en 2007**

Grupo	Menor de 10 anos		Entre 10 e 25 anos		Superior a 25 anos		Total
	Número	%	Número	%	Número	%	
Laborais	164	52,06	136	37,06	1	5,56	301
1	16	5,08	25	6,81	0	0,00	41
2	22	6,98	6	1,63	0	0,00	28
3	54	17,14	24	6,54	0	0,00	78
4A	20	6,35	32	8,72	0	0,00	52
4B	52	16,51	49	13,35	1	5,56	102
Funcionarios	151	47,94	231	62,94	17	94,44	399
A	3	0,95	13	3,54	2	11,11	18
B	13	4,13	70	19,07	4	22,22	87
C	27	8,57	122	33,24	10	55,56	159
D	108	34,29	26	7,08	1	5,56	135
TOTAL	315	45,00	367	52,43	18	2,57	700

Cadro 128 Antigüidade do cadro de PAS por grupo en 2007

Grupo	Menor de 30 anos	30-34 anos	35-39 anos	40-44 anos	45-49 anos	50-54 anos	Maior de 54 anos	Total
Laborais	15	55	60	62	45	37	27	301
1	0	6	15	13	5	2	0	41
2	3	9	8	1	4	1	2	28
3	8	27	15	14	6	3	5	78
4A	0	4	11	10	10	10	7	52
4B	4	9	11	24	20	21	13	102
Funcionarios	8	34	80	109	65	55	48	399
A	0	0	0	3	4	8	3	18
B	5	0	9	28	21	15	9	87
C	0	5	38	40	23	23	30	159
D	3	29	33	38	17	9	6	135
TOTAL	23	89	140	171	110	92	75	700

Cadro 129 Idade do cadro de PAS por grupo en 2007

Riscos Laborais

Actividade	N.º
Coordinación do inicio da planificación das accións preventivas nos centros	9
Coordinación para o seguimento da planificación das accións preventivas nos centros e/ou atención de novas circunstancias que requiran a avaliación e control polo Servizo	2
Seguimento das accións preventivas programadas nos centros	34
Xestións e informes solicitados ao Servizo	60
Xestións e informes xerados	85
Actividades de información preventiva	22
Actividades formativas ofertadas	139
Actividades formativas xestionadas	53
Asistentes ás actividades formativas	628
Coordinacións en materia de vixilancia da saúde	23
Asistentes ao recoñecementos médicos	103

Cadro 130 Actividades do Servizo de Riscos Laborais en 2007